

Sabela e o belén de Begonte



PEPE POL*

Un día súa nai non volveu e o pai, enfadado porque non tiña cartos para xogalos no bingo, dixo: “Escoita, Sabela, a túa nai xa non virá, marchou con outro. Eu marcho antes de ir ó cárcere polas moitas débedas que teño. Ti quedas coa veciña”.

A nena non puido dicir palabra. Cando o seu proxenitor pechou a porta; aquel golpe seco pareceu provocar a corrente de bágoas que saían dos seus ollos. Os berros fixeron acudir aos veciños. Sabedores do feito puxéronno en coñecemento dos responsables dos asuntos sociais do Concello.

Despois de analizar e sopesar a situación a concelleira responsable desta área decidiu ingresar a Sabeliña nun centro de acollida que había nun lugar chamado Brollón.

Alí, nesa casa-fogar é onde atopamos a Sabela sentada nun banco no patio do centro e arredor, como dándolle osíxeno vital, outras nenas que están na súa mesma condición e un par de monxas que tentan coas súas palabras acender no seu peito o lume sentimental que apagaron eses que nunca deberon apagalo. Estaban xa a piques de chegar as vacacións do Nadal e, esas entrañables datas, eran como vento frío que removía máis a tristura da nena.

Outras rapaciñas poderían ir á súa casa pero ela non tiña onde ir. Neses días cheguei eu ata ese sitio de Brollón, por entón traballaba de comercial e fun ata o centro para ofrecer ás persoas responsables da cociña produtos culinarios. Estaba saíndo de falar coas encargadas dese tema cando atopei a esa cativa de semblante moi triste. Apartándome preguntei a unha das monxas por que estaba esa criaturiña tan apesadumbrada e ela explicoume que había ingre-

sado facía escasamente unha semana. Entón dixeran a esta sor que eu sabía do lugar onde a nena volvería a recobrar a ledicia.

Ese sitio non era outro que o Belén Electrónico de Begonte, ese sería o mellor agasallo de Reis para ela, esta neniña perdeu moita infancia e os soños que non tivo pode atopalos ollando nesas figurinas, por iso penso que deben programar unha excursión ata ese lugar de Terra Chá e xa verán como alí, ante ese belén prodúcese o esperado, que Sabela quede curada dese tormento a que está sometida por uns estranas pantasma que non deixan que sexa ceibe para vivir sen o pecado dos seus pais.

A monxa, despois de escoitar con moita atención, replicou que era unha idea xenial e que podía ser o único sitio onde esta nena recobrar a ledicia, pois se o Belén non obraba este milagro nada nin nadie podería facelo.

A piques de chegar o verao volví por alí, en verdade que non me esquezara daquela mirada tan fonda e triste, a ollada que saía duns ollos onde parecía que non había a luz diáfana da infancia. Cando entrei cheguei a monxa moi leda dicindo: “¡Señor, señor, veña! Sinalaba para un lugar do patio onde xogaban moi contentas un grupo de nenas e, nese corro estaba Sabela.

A irmá proseguíu falando e comentou que estiveron en Begonte e que, grazas a aquela visita, produciuse a cura radical dese mal de tristura que mataba á neniña. Entón pedín a monxa se podería falar coa rapaza e a muller accedeu. Fun xunto dela e despois de saudala abrí a miña carpeta e saquei o libro do belén de Begonte de D. Xulio Xiz, despois de darlle un bico na súa fronte coloqueei nas súas mans anxeli-

Sabela era unha nena que non tiña máis de dez anos. Calquera rapaza da súa idade estaría sempre bulindo e facendo balbordo pero ela, que debería ser un manso mar de ledicia, parecía unha poza de negra tristura porque a vida trouxo lixo deshumanizador ata o seu ser.

Cando tiña un par de anos os seus pais, viciosos e egoístas, escacharon en pedazos a súa familia. O home era ludópata e a nai unha muller da rúa, amiga de homes e sempre andaba en compañía do viño, bo amigo se non se bebe en exceso. Os dous eran amigos de costumes perniciosas e pouco responsables co deber de tapar as goteiras económicas que, cada día en maior cantidade, esnaquizaban o maltreito fogar. Non paraban na casa e a neniña Sabela pasaba as horas triste e chorosa. Unha veciña prestaba atención e axuda a ese ceo de nena, mentres os pais entraban e saían do fogar sen sequera deixar unha ollada de amor a súa filla.

cais, mans que parecían azas abertas de pomba de paz, ese manual como regalo. A nena comezou a berrar: “¡O Belén de Begonte, onde aprendín que a familia sempre existe, pois cando falla a biolóxica está para darte apoio a cristiá. En Begonte comprendín que onde hai cristiáns existe seguro amparo. Agora son moi feliz. Pedín á nai superiora que tódolos anos polo tempo do Nadal conceda como agasallo que todas as nenas desta casa poidamos visitar ese Belén, o sitio onde atopei a luz da miña vida, esa estrela que todo temos que coller!”

Quedei abraiado polo milagre e, dando un bico a rapaza, marchei, despois de dicir adeus á monxa, pensando en aqueles pais que deixaron perdida unha xoia de sentimentos, esa nena, que na casa de acollida e no Belén de Begonte atopou naquel Nadal a súa identidade perdida.

Pasados os anos estiven facendo outro traballo en terras de Castela e, vinte anos despois volvíñ á nosa querida Galicia. Pasei un día por aquel sitio de Brollón non para ofrecer produtos comerciais pero si para saber de Sabela.

Entereime de que xa non estaba, que casou cun rapaz do seu tempo e a voda tivo lugar na igrexa de Begonte porque a rapaza dixo que quería recibir o sacramento do matrimonio onde nun Nadal encontrou a estrela da súa vida.

Marchei encantado de que grazas ao Belén dous mozos, fillos de familias rotas, eran futuros pais do que sería un fogar semellante ao do Belén porque os homes e mulleres poden dar malos exemplos, pero a Sagrada Familia é a luz que ilumina todo.